- Investimentos mantidos ata o seu vencemento: valores representativos de débeda, con data de vencemento fixada, cobros de contía determinada ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a sociedade ten intención e capacidade de conservar ata o seu vencemento. Contabilízanse ao seu custo amortizado.
- As inversións en empresas do grupo, asociadas e multigrupo.
- Investimentos dispoñibles para a venda: son o resto de inversións que non entran dentro das catro categorías anteriores, correspondendo case na súa totalidade ás inversións financeiras en capital, cunha inversión inferior ao 20%. Estas inversións figuran no balance de situación polo seu valor razoable cando é posible determinalo de forma fiable. No caso de participacións en sociedades non cotizadas, normalmente, o valor de mercado non é posible determinalo de xeito fiable polo que, cando se da esta circunstancia, valóranse polo seu custo de adquisición ou por un importe inferior se existe evidencia do seu deterioro.

e.2. Pasivos financeiros

- Os préstamos, obrigas e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto dos custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadoiras na liquidación ou reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na conta de perdas e ganancias segundo o criterio de devindicación empregando o método do interese efectivo. O importe devindicado e non liquidado engádese ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período no que se producen.
- As contas a pagar rexístranse inicialmente ao seu custo de mercado e posteriormente son valoradas ao custo amortizado. Os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñan tipo de interese contractual, así como as fianzas, cuxo importe se espera pagar no curto prazo, se valoran polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo on sexa significativo.

f. Existencias

As mercadorías valóranse ao seu prezo de adquisición, incluíndo tódolos gastos adicionais que se producen ata a recepción das mesmas, determinado polo método de custo medio ponderado.

Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ao seu prezo de adquisición ou custo de produción, efectuaranse as oportunas correccións valorativas recoñecéndolas como un gasto na conta de perdas e ganancias.

g. Subvencións, doazóns e legados

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse como ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto cando se obtén, no seu caso, a concesión oficial

das mesmas e cumpríronse as condicións para a súa concesión e non existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

As subvencións que se conceden para financiar gastos específicos impútanse a ingresos no exercicio que se devindicaron os gastos financiados.

h. Clasificación das débedas entre curto e longo prazo

Seguindo as normas do Plan Xeral Contable de Pemes, as débedas clasifícanse en función dos vencementos ao peche de cada exercicio, considerando como débedas a longo prazo as de vencemento superior ao 12 meses. Os vencementos a curto prazo das débedas a longo prazo clasifícanse como débedas a curto prazo.

i. Imposto sobre beneficios

O gasto polo imposto corrente determínase mediante a suma do gasto polo imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente obtense aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos polos impostos diferidos proceden das diferenzas temporais definidas como os importes que se prevén pagadoiros ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes se rexistran aplicando á diferenza temporal o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden como consecuencia das bases impositivas negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para tódalas diferenzas temporais impositivas, salvo que a diferenza temporal se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial nunha transacción que non é unha combinación de negocios de outros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización non afecte nin ao resultado fiscal nin contable.

Os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporais deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vai ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non proceda do recoñecemento inicial de outros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositivas negativas e deducións pendentes de compensar) só se recoñecerán no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuando as oportunas correccións aos mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto e ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización de aquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan natureza económica de subvención.

j. Provisións para riscos e custos

A Sociedade segue o criterio de rexistrar provisións para eventuais perdas e responsabilidades que puideran derivarse do desenvolvemento da súa actividade.

k. Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devindicación, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira deles derivada. Non obstante, seguindo o principio de prudencia, a Sociedade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data do peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdas contabilízanse tan axiña como son coñecidos.

l. Indemnizacións por despedido


Excepto no caso de causa xustificada, as sociedades veñen obrigadas a indemnizar aos seus empregados cando prescinden dos seus servizos.

Ante a ausencia de calquera necesidade previsible de terminación anormal do emprego e debido a que non reciben indemnizacións aqueles empregados que se xubilan ou cesan voluntariamente nos seus servizos, os pagamentos por indemnizacións, cando xorden, cárganse a gastos no momento en que se toma a decisión de efectuar o despedido.

5. ACTIVO INMOBILIZADO

5.1. Inmobilizado Intanxible

O detalle e movemento das inmobilizacións intanxibles durante os exercicios 2019 e 2020 foi o seguinte:



Título	Saldo a 01.01.19	Adicións	Baixas	Saldo a 31.12.19
Custe				
Aplicacións informáticas	11.649,98	0	0	11.649,98
Propiedade industrial	3.053,54	0	0	3.053,54
Total	14.703,52	0	0	14.703,52
Amortización				
Aplicacións informáticas	-10.969,00	-420,62	0	-11.389,62
Propiedade industrial	-2.753,55	-88,00	0	-2.841,55
Total	-13.722,55			-14.231,17
Total Neto	980,97	-508,62	0	472,35

Título	Saldo a 01.01.20	Adicións	Baixas	Saldo a 31.12.20
Custe				
Aplicacións informáticas	11.649,98	0	0	11.649,98
Propiedade industrial	3.053,54	0	0	3.053,54
Total	14.703,52	0	0	14.703,52
Amortización				
Aplicacións informáticas	-11.389,62	-260,40	0	-11.650,02
Propiedade industrial	-2.841,55	-88,00	0	-2.929,55
Total	-14.231,17			-14.579,57
Total Neto	472,35	348,40	0	123,95

A 31 de decembro de 2020 existen aplicacións informáticas totalmente amortizadas por importe de 11.649,98 euros e propiedade industrial por importe de 1.118,35.

Non hai perdas por deterioro no inmovilizado intanxible.

5.2. Inmovilizado Material

O detalle e movemento das inmovilizacións materiais durante os exercicios 2019 e 2020 foi o seguinte:

Título	Saldo a 01.01.19	Adicións	Baixas	Saldo a 31.12.19
Custe				
Outras instalacións, ferramenta e mobiliario	63.993,64	1.290,00	0	65.283,64
Equipos para proceso de información	34.396,50	390,74	0	34.787,25
Outro inmovilizado material	10.635,67	0	0	10.635,67
Total	109.025,81	1.680,74	0	110.706,56
Amortización				
Outras instalacións, ferramenta e mobiliario	-59.714,75	-960,87	0	-60.675,62
Equipos para proceso de información	-32.380,48	-1.073,75	0	-33.454,23
Outro inmovilizado material	-6.055,41	-345,08	0	-6.400,29
Total	-98.150,64	-2.379,49	0	-100.530,14
Total Neto	10.875,17	-698,75	0	10.176,42

Título	Saldo a 01.01.20	Adicións	Baixas	Saldo a 31.12.20
Custe				
Outras instalacións, ferramenta e mobiliario	65.283,64	1.587,59	0	66.871,23
Equipos para proceso de información	34.787,25	0	0	34.787,25
Outro inmovilizado material	10.635,67	0	0	10.635,67
Total	110.706,56	0	0	112.294,15
Amortización				
Outras instalacións, ferramenta e mobiliario	-60.675,62	-830,50	0	-61.505,91
Equipos para proceso de información	-33.454,23	-588,76	0	-34.042,99
Outro inmovilizado material	-6.400,29	-345,08	0	-6.745,57
Total	100.530,14	-1.764,34	0	-102.294,47
Total Neto	10.176,42	-176,75	0	9.999,67

As altas de inmovilizado corresponden ao mobiliario para as novas instalacións da UNITENDA no Claustro de Fonseca.

O detalle dos elementos totalmente amortizados a 31 de decembro de 2020 é o seguinte:

	Euros
Outras instalacións, ferramenta e mobiliario	58.849,06
Equipos para proceso de información	32.640,12
Outro inmovilizado material	4.729,12
Total	96.218,30

Non hai perdas por deterioro no inmovilizado material.

6.- ACTIVOS E PASIVOS FINANCIEROS

De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº2 do BOICAC Nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os créditos e débitos coas Administracións Públicas.

6.1. Activos Financeiros

CATEGORÍAS		Instrumentos financeiros a longo prazo							
		Instrumentos de patrimonio		Valores representativos de débeda		Créditos Derivados Outros		TOTAL	TOTAL
		2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019
	Activos financeiros mantidos para negociar								
	Activos financeiros a coste amortizado	747.681,40	811.953,20					747.681,40	811.953,20
	Activos financeiros a coste								
	TOTAL	747.681,40	811.953,20					747.681,40	811.953,20

Dentro dos activos financeiros a custe amortizado recóllense:

- Inversións en empresas do grupo e asociadas l/p. 647.684,89 euros.
- Inversións financeiras a l/p, 99.996,51 euros.

O detalle e movementos das inmovilizacións financeiras durante os exercicios 2019 e 2020 foi:

	Saldo a 01.01.19	Adicións	Baixas	Saldo a 31.12.19-01/01/20	Adicións	Baixas	Saldo a 31.12.20
Investimentos							
Empresas do grupo	91.353,84	0,00	0,00	91.353,84	0,00	0,00	91.353,84
Empresas asociadas	621.661,39	16.250,00	-1.502,53	636.408,86	10.000,00	(8.500,00)	637.908,86
Outros investimentos							
Financeiros permanentes	373.308,39	2.602,00	-200,00	375.710,39	16.739,80	0,00	392.450,19
Fianzas e depósitos a l/p	16,23	0,00	0,00	16,23	0,00	0,00	16,23
Provisións (*)	(266.985,56)	(30.093,42)	5.542,86	(291.536,12)	(82.517,95)	6,35	(374.047,77)
Valor neto contable	819.354,29			811.953,20			747.681,35

As adicións corresponden ás participacións en:

- ✓ "BFlow": 10.000,00 €
- ✓ "Genome4Care": 2.600,00 €
- ✓ "Smart Vitamines": 200,00 €
- ✓ Ampliación de capital de Nanogap: 7.843,80 €
- ✓ "LiberaBio": 450,00 €
- ✓ "InVerbis": 4.050,00 €
- ✓ FlowReserve Labs: 1.596,00 €

A baixa corresponde a Dimelab: extinción o 12 de febreiro de 2020.

O detalle destes investimentos financeiros é o seguinte:

➤ **Investimentos en empresas do grupo:**

Sociedade	% Participación	Importe Inversión	Fondos Propios 2020	Participación Fondos Propios	Provisión
Cursos Internacionais da USC	50,00%	30.050,61	156.827,80	78.413,90	-
Uninova	51,00%	61.303,23	343.951,35	175.415,19	-
Total		91.353,84			-

➤ **Investimentos en empresas asociadas**

Sociedade	% Participación	Importe Inversión	Fondos Propios 2020	Participación Fondos Propios	Provisión
Unirisco	20,08%	588.991,86	2.599.815,86	522.043,02	(66.948,84)
i-Grape Laboratory S.L	25,00%	3.167,00	1.142,38	285,60	(2.024,62)
Celtalga Extract S.L	24,07%	6.500,00	s/d	s/d	(6.500,00)
Intera	26,00%	13.000,00	26.521,72	6.895,65	(6.104,35)
Latento AC	33,33%	16.250,00	90.578,39	30.189,78	-
BFlow	30,30%	10.000,00	50.074,78	15.022,43	-
Total		646.408,86			(81.577,81)

➤ Información sobre outros investimentos

Sociedade	% Participación	Importe Inversión	Fondos Propios 2020	Participación Fondos Propios	Provisión
Advanced in Vitro Cell Technologies, S.L	3,00%	246.165,63	Concurso A	-	(246.165,63)
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A	1,80%	41.210,10	3.040.535,55	54.729,64	-
Laboratorios Sist. Energías S.L	5,00%	150,50	s/d	s/d	-
Nanogap SubnmPowders	0,60%	32.901,96	1.356.801,31	8.140,81	(24.761,15)
Geneaqua	5,00%	164,00	s/d	s/d	-
Biostatech	1,90%	2.000,00	35.887,19	680,20	(1.319,80)
Xuntos Atención Psicolóxica	5,00%	690,00	37.055,65	1.852,78	-
Software 4 Science Development	10,17%	4.166,00	s/d	s/d	-
Dart	10,76%	8.000,00	Concurso A	-	(8.000,00)
Situm Technologies S.L	4,14%	3.823,00	2.606.231,53	192.690,17	-
Tastelab	12,49%	3.000,00	33.467,68	4.179,98	-
MD Use Innovations	12,50%	1.071,00	s/d	s/d	(499,81)
3eData Ingeniería Ambiental S.L	15,00%	5.000,00	s/d	s/d	-
Imagames Gamification Services	5,26%	9.700,00	42.850,94	2.847,92	(6.852,08)
AY Economics	20,00%	8.000,00	55.324,75	11.064,95	-
HG Beyond (Lentimed)	11,32%	5.910,00	427.102,04	48.360,44	-
iCoda	20,00%	9.000,00	s/d	s/d	(4.871,44)
iBonelab	10,00%	2.000,00	117.499,72	11.749,97	-
Materiales Funcionales	20,00%	602,00	s/d	s/d	-
Genome4Care	11,50%	2.600,00	s/d	s/d	-
Smart Vitamines	5,00%	200,00	s/d	s/d	-
LiberaBio	15,00%	450,00	s/d	s/d	-
InVerbis	15,00%	4.050,00	26.984,54	4.047,68	-
FlowReserve Labs	7,80%	1.596,00	20.093,62	1.567,30	-
Total		392.450,19			(292.469,91)

		Instrumentos financeiros a curto prazo							
		Instrumentos de patrimonio		Valores representativos de débeda		Créditos Derivados Outros		TOTAL	
		2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019
CATEGORÍAS	Activos financeiros mantidos para negociar								
	Activos financeiros a coste amortizado					42.709,75	337.775,13	42.709,75	337.775,13
	Activos financeiros a coste								
	TOTAL					42.709,75	337.775,131	42.709,75	337.775,13

O detalle dos activos financeiros a custe amortizado é o seguinte:

- Debedores comerciais e outras contas a cobrar, 42.709,75 euros.

6.2.Pasivos Financieros

		Instrumentos financeiros a curto prazo							
		Débedas con entidades de crédito		Obrigacións e outros valores negociables		Derivados e outros		TOTAL	
		2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019
CATEGORÍAS	Pasivos financeiros a coste amortizado					344.522,95	556.392,89	344.522,95	556.392,89
	Pasivos financeiros mantidos para negociar								
	Outros								
	TOTAL					344.522,95	556.392,89	344.522,95	556.392,89

Dentro dos pasivos financeiros a custe amortizado recóllense:

- Outras débedas a c/p, 17.801 euros. Corresponden a anticipos recibidos e a cantidades consignadas en depósito por cotas correspondentes a Congresos, organizados dende a Oficina de Congresos.
- Débedas con empresas do grupo a c/p. Anticipos de tesourería recibidos da socia única: 271.112 euros.
- Acredores comerciais e outras contas a pagar: 55.610 euros pendentos de pago a provedores e acredores.

As débedas do cadro anterior vencen no exercicio 2021.

7.- FONDOS PROPIOS

O movemento habido no epígrafe “Fondos Propios” durante o exercicio 2020, foi o seguinte:

	Capital Social	Reservas	Resultados exercicios anteriores	Aportacións socios	Resultado exercicio	Total
Saldo a 01.01.20	1.002.927,24	55,47	-212.244,00	103.854,26	-177.422,54	717.170,43
Distribución do resultado do 2019	-	-	-73.568,28	-103.854,26	177.422,54	-
Corrección erro	-	-	-2.533,00	-	-	-2.533,00
Aportación Casa Europa	-	-	-	28.887,50	-	28.887,50
Resultado do 2020	-	-	-	-	-198.630,95	-198.630,95
Saldo a 31.12.20	1.002.927,24	55,47	-288.345,28	28.887,50	-198.630,95	544.893,98

A corrección de erro corresponde á imputación ao resultado do exercicio 2019 dunha perda de 2.533 euros correspondente á factura pendente de emitir pola organización do Congreso IPA 2019. Esta factura foi emitida con data de outubro de 2020 por un importe inferior ao inicialmente calculado.

Capital Social

O capital social ascende a un millón dous mil novecentos vinte e sete euros con vinte e catro céntimos (1.002.927,24€) representado en dúas mil duascenas oitenta e catro participacións sociais indivisibles e acumulables de catrocentos trinta e nove euros con once céntimos de valor nominal cada unha, numeradas correlativamente do 1 ao 2.284, ámbolos dous inclusive. A totalidade das participacións pertencen á socia única, a Universidade de Santiago de Compostela.

8.- INGRESOS E GASTOS

Cifra de negocios

	2020	2019
3. Ventas e outros ingresos ordinarios activ. mercantil	459.275,26	769.219,62
Ventas mercancías	11.304,70	71.674,27
Prestación de servizos	447.970,56	697.545,35

Aprovisionamentos

	2020	2019
6. Aprovisionamentos	-70.262,22	-300.050,19
Compras	-8.455,47	-35.941,87
Compras outros aprovisionamentos	-61,65	-259,62
Traballos realizados por outras empresas	-61.651,59	-254.861,38
Variación existencias mercancías	183,66	-8.168,46
Variación existencias outros aprovisionamentos	-277,17	-818,86

O importe das Compras e Variación de existencias corresponde fundamentalmente a mercancías para a venda en Unitenda.

O importe dos Traballos realizados por outras empresas corresponde a subcontratacións polos eventos organizados dende a Oficina de Congresos.

Outros ingresos de explotación

Os 24.277 euros corresponden á reclasificación entre gasto por seguridade social e ingresos por subvencións de explotación pola bonificación do ERTE.

Gastos de persoal

	2020	2019
8. Gastos de persoal	-479.381,78	-554.626,20
Salarios	-361.769,86	-436.594,13
Seguridade Social	-117.542,66	-117.542,75
Outros gastos sociais	-69,26	-489,32

No período comprendido entre o peche do exercicio, a 31 de decembro de 2020, e a data de elaboración destas contas anuais e como consecuencia da emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, e a prorroga do estado de alarma ata 9 de maio do 2021 (Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro), á sociedade continúa con parte da actividade paralizada.

Aínda que á data de formulación das contas anuais non é posible realizar unha estimación dos impactos derivados desta crise sobre a sociedade, as consecuencias foron as seguintes:


- Prórroga do ERTE por Forza Maior, de suspensión de xornada para 4 persoas; redución do 50% para 4 traballadoras e redución do 25% para 1 traballadora, ata 31 de maio.

Outros gastos de explotación

	2020	2019
9. Outros gastos de explotación	-40.603,59	-92.964,14
Reparacións, conservación e mantementos	-1.268,54	-2.141,42
Servizos profesionais independentes	-7.973,38	-7.435,22
Transportes	-10,66	-137,55
Primas de seguros	-3.680,73	-3.370,25
Servizos bancarios e similares	-500,91	-775,39
Subministracións	-5.579,16	-8.531,70
Outros servizos Casa Europa, Cesión espazos USC, comunicacións, material oficina	-17.295,84	-70.572,61
Axustes negativos en IVE	-4.294,37	-

Estes son os datos máis relevantes das distintas partidas:

- “Reparacións e conservación” inclúe os gastos de mantemento e dominios das webs e o mantemento do programa informático de Unitenda.
- “Servizos profesionais independentes” recolle os gastos en asesoría externa e avogado, así como, pagos a relatores dos congresos organizados dende a Oficina de Congresos.
- “Subministracións” recolle os gastos en auga, electricidade e gas.
- “Outros servizos...” recolle, entre outros, os gastos en conserxería nocturna e limpeza de Casa Europa, comunicacións, material de oficina e cesións de espazos da USC xestionados pola Oficina de Congresos.

Four handwritten signatures in blue ink are present on the page. The top row contains three signatures: a stylized signature on the left, a circular signature in the middle, and a more complex signature on the right. The bottom row contains a single, larger signature.

9.- SITUACIÓN FISCAL

A Sociedade presenta anualmente unha declaración a efectos do Imposto sobre Sociedades. Os beneficios, determinados conforme á lexislación fiscal, están suxeitos ao tipo de gravame de empresas de reducida dimensión. Da cota resultante poden practicarse determinadas deducións establecidas pola lexislación vixente.

Resultado contable do exercicio	(173.869,80)
Axustes ao resultado contable	
Diferenzas temporarias:	
Deterioro participación empresas	57.756,80
Reversión deterioros	(6,35)
Resultado fiscal (B. Imponible)	(116.119,35)

Segundo establece a lexislación vixente, os impostos non poden considerarse definitivamente liquidados ata que as declaracións presentadas sexan inspeccionadas polas autoridades fiscais ou transcorra un prazo de prescrición de catro anos. .

A Sociedade non ten recoñecido a 31 de decembro activos por imposto diferido, o efecto fiscal das bases impositibles negativas pendentes de compensar, polos seguintes importes.

Ano orixe	Euros
2005	8.537,10
2006	20.421,95
2012	73.175,42
2013	149.472,53
2014	83.478,05
2015	328.219,20
2016	252.805,86
2017	63.084,90
2018	58.819,60
2019	152.671,98
Total	1.190.686,59

Saldos con Administracións Públicas

A composición dos saldos coas Administracións Pública é o seguinte:

	2020	2019
Debedor		
Facenda Pública, I.S	83,02	83,02
Facenda Pública, Retencións e Pagos a Cta	213,27	213,27
Acredor		
Facenda Pública, acreedora por IVE	21.959,52	44.351,86
Facenda Pública, acreedora por IRPF	12.764,21	17.630,62
Organismos da Seguridade Social	10.431,15	11.671,06

10.- OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS

O detalle dos saldos e transaccións coa USC, accionista única da Sociedade, durante o exercicio 2020 foi o seguinte:

Transaccións coa USC	
Compras	6.439,69
Ventas	216.784,96.
Aportación Casa Europa	20.887,50
Saldos a 31/12/20	
C/C Acredora a c/p	271.112,40
Acredor	38.726,57
Debedor	20.246,15

Os saldos mantidos coa Universidade de Santiago de Compostela non deveñan intereses e teñen o seu vencemento durante o ano 2021.

O detalle dos saldos e transaccións con Cursos Internacionais durante o exercicio 2020 é o seguinte:

Transaccións con CURSOS INTERNACIONAIS USC	
Ventas	8.766,29
Saldos a 31/12/20	
Debedor	2.710,84

O importe das vendas está integrado pola prestación de servizos de contabilidade.

11.- INFORMACIÓN RELATIVA AO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

No exercicio 2020 non se devindicaron remuneracións a favor dos membros do órgano de administración da Sociedade.

Os administradores non informaron de ningunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puidesen ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

Non existen obrigas contraídas en materia de pensións e seguros de vida respecto dos membros do órgano de administración da Sociedade.

Non se concederon anticipos nin créditos ao conxunto dos membros do órgano de administración da Sociedade.

12.- CADRO DE PERSOAL

O número medio de persoal empregado no 2019 foi o seguinte:

Persoal Fixo		Persoal Eventual		Total
Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
8	8,482	0	1	17,48

En 2020:

Persoal Fixo		Persoal Eventual		Total
Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
7	6,55	0	0	13,55

13.- INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE

A 31 de decembro de 2020 non existen activos de importancia dedicados á protección e mellora do medio ambiente, nin se incorreron en gastos relevantes desta natureza durante o exercicio.

O Consello de Administración da Sociedade estima que non existen contingencias significativas relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente, polo que non se considera necesario constituír unha provisión de riscos e gastos de carácter medioambiental a 31 de decembro de 2020.

Durante o exercicio a Sociedade non recibiu subvencións de natureza medioambiental.

14.- INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. DEBER DE INFORMACIÓN LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. RESOLUCIÓN DE 29 DE XANEIRO DE 2016 DO ICAC.

	2020 Días	2019 Días
<i>Período medio de pago a provedores</i>	131,72	69,38
<i>Ratio de operacións pagadas</i>	84,25	66,54
<i>Ratio de operacións pendentes de pago</i>	325,53	76,76
	Importe	Importe
<i>Total pagos realizados</i>	201.704,68	346.311,82
<i>Total pagos pendentes</i>	49.414,81	133.550,78

15.- OUTRA INFORMACIÓN

Os honorarios relativos aos servizos de auditoría inclúense dentro do importe da adxudicación, polo sistema de concurso, procedemento aberto, pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), do servizo de auditoría financeira e de legalidade da USC e das súas sociedades das que é socio maioritario.

A Sociedade non soporta honorarios polos servizos de auditoría debido a que estes son a cargo da USC.

16.- FEITOS POSTERIORES AO PECHE

No período comprendido entre o peche do exercicio, a 31 de decembro de 2020, e a data de elaboración destas contas anuais e como consecuencia da emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, e a prorroga do estado de alarma ata 9 de maio do 2021 (Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro), á sociedade continúa con parte da actividade paralizada.

A sociedade avaliará durante o exercicio 2021 o impacto dos feitos anteriormente mencionados, e daqueles que se poidan producir nun futuro, sobre o patrimonio e a situación financeira ao 31 de decembro de 2021 e sobre os resultados das súas operacións e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual terminado na devandita data.

